



## NOTAS DEPORTIVAS



### FOOTBALL

N-o campo de Coya en Vigo, celebrouse o 14 de Mayo a final do campeonato de *football* da España entr' os potentes grupos do «F. C. Barcelona» y-a «Real Unión de Irún».

A alegre cibdá viuse por este gallo animadísima.

Houbo moita cristiandá de forasteiros de todolos lados da nosa terra e de moitos puntos da España e tamén de Portugal.

O partido, arbitrado por un xuez parisién, M. Balway, chegado horas antes da capital da Francia, foi d'unha beleza fubolística esceucional.

Os catalás, de un xogo preciso e seguro, apoyados no seu maravilloso porteiro Zamora, lograron na primeira fase do encontro asegurare o campeonato por 3-1.

Os irundeses c'unha desventaxa tan sensibel tiveron un segundo tempo de xogo imponente, parecendo o *rouleau* ruso, pero a falla de precisión no remate final y-a insecuridade do seu gardameta, trouguéronlle como consecuencia un resultado mais brillante pr'o seu adversario: 5-1.

\*\*\*

En verdade ganou o que o mereceu. O Barcelona demostrou, non somentes mais precisión nos seus ataques e defensas, senon mais saber en tod'o partido.

O Irún foi un equipo que xogou moiísimo mais qu'o seu rival, pero tend'algunha linea

froxa coma a dos *backs* y-a da meta, a catástrofe, si non era d'esperar, era de temer ó menos n-un partido en que se ventila a posesión do mais outo galardón nacional.

\*\*\*

O público, unhas dez mil almas, mostrouse tod'a serán en favor dos rexos mozos do Norte, representantes, ó decir dos enterados, do verda-deiro amateurismo español; mais a última hora, ó fin yo cabo, conocedor a fondo do *football association*, rindiuse co seu aprauso ante o millor, o Barcelona, ó que se lle acusa ou acaloña de prodigar os miles de pesetas pra ter os millores fubolistas.

\*\*\*

O campo da final, espréndido como pudera estal-o millor terreo ingrés. A organización, maravillosa. E a recaudación, estupenda: estabreceu o record d'España.

\*\*\*

Os *teans* formaron asi: *Barcelona*: Zamora, Sarroca, Planas, Samitier, Sancho, Torralba, Piera, Martínez, Gracia, Alcántara, Sagibarba. *Irún*: Mugunora, Berge, Emery, Eguiajabal, René, Gamborena, Echeveste, Zabala, Patricio, Asurga e Costa.

HANDICAP

